

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 3 de abril de 2013 pola que se procede á convocatoria de axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais para o ano 2013.

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7º do Estatuto de autonomía de Galicia.

En virtude desta competencia, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas e das súas estruturas de integración económica e representativa, dispoñendo que a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, realizará unha política de fomento do movemento cooperativo e adoptará as medidas necesarias para promover a constitución e o desenvolvemento das cooperativas.

Segundo o disposto no Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndelle a esta o exercicio das competencias e funcións en materia de cooperativas e outras entidades de economía social, entre as que se atopan as entidades representativas das sociedades cooperativas e das sociedades laborais.

O programa operativo do Fondo Social Europeo de Galicia 2007-2013 recolle no seu eixe número 4 as estratexias dirixidas á promoción da cooperación transnacional e interrexional.

Neste marco e, concretamente, desenvolvendo o seu tema prioritario número 80, imputaranse distintas accións elixibles como as redes de intercooperación no ámbito da economía social, a promoción do emprendemento cooperativo e os servizos de información, orientación e asesoramento.

As axudas establecidas nesta orde para o fomento e consolidación do asociacionismo e para a realización de actividades de promoción intégranse dentro das accións que a Con-



sellería de Traballo e Benestar pretende levar a cabo para conseguir un axeitado desenvolvemento das estruturas representativas do cooperativismo e a economía social.

A través desta orde subvenciónanse os gastos de funcionamento das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, así como as actividades de promoción do cooperativismo e da economía social realizadas por estas. Igualmente, promóvese a modalidade de fomento do emprendemento en rede, co que se reforza a participación e integración das asociacións na Rede de centros de desenvolvemento cooperativo e da economía social en Galicia.

A Orde do 25 de febreiro de 2011 (DOG nº 46, do 8 de marzo) modificada pola Orde do 30 de decembro de 2011 (DOG nº 12, do 18 de xaneiro de 2012) establece as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e sociedades laborais.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, no relativo aos principios de transparencia, eficacia e eficiencia na xestión; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, consultados o Consello Galego de Cooperativas e o Consello Galego de Relacións Laborais e, de conformidade coas atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

O obxecto desta orde é proceder á convocatoria das axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e sociedades laborais, en réxime de concorrencia competitiva, para o exercicio orzamentario de 2013.

A finalidade destas axudas é o fomento e consolidación das estruturas representativas do cooperativismo e a economía social, principalmente as asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, subvencionando parcialmente os seus gastos normais de fun-



cionamento e a realización de actividades de promoción do cooperativismo e a economía social, así como a realización de actividades de fomento do emprendemento realizadas en rede.

Artigo 2. *Convocatoria*

Convócanse para o ano 2013, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas para os programas de fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, reguladas polas bases da Orde do 25 de febreiro de 2011 (DOG nº 46, do 8 de marzo) e a súa modificación recollida na Orde do 30 de decembro de 2011 (DOG nº 12, do 18 de xaneiro de 2012).

As condicións destas axudas no que respecta ás letras e) (requisitos para solicitar a subvención), f) (órgano competente para instruír o procedemento), i) (documentos e informacións que deben achegarse coa petición) e l) (criterios de valoración das solicitudes) do artigo 20.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedan reflectidas nos artigos 6, 7, 8 e 9 das bases reguladoras contidas na Orde do 25 de febreiro de 2011 (DOG nº 46, do 8 de marzo).

Artigo 3. *Contía e límites das axudas*

1. A contía das axudas previstas non poderá superar o 80 % dos gastos necesarios para a realización das actividades, que poderán contar, así mesmo, con outros financiamentos sen que en ningún caso excedan a contía realmente xustificada e non achegada pola Xunta de Galicia.

2. A contía máxima da subvención non poderá exceder dos oitenta mil euros (80.000 €) por beneficiaria para a modalidade de actividades de promoción do cooperativismo e a economía social, de cen mil euros (100.000 €) por beneficiaria para a modalidade de actividades en rede e de cento cincuenta mil euros (150.000 €) por beneficiaria para a modalidade de gastos normais de funcionamento.

3. Establécense, así mesmo, os seguintes límites de investimento subvencionable para as actividades que se indican a continuación:

a) Actividades divulgativas e formativas de duración igual ou inferior a 10 horas: ata un máximo de dous mil euros (2.000 €).



b) Actividades divulgativas e formativas de duración superior a 10 horas: o límite será a contía resultante de multiplicar o número de horas de duración efectiva por douscentos euros (200 €), ata un máximo de catro mil euros (4.000 €)

c) Asesoramento a emprendedores e público en xeral: ata un máximo de vinte euros (20 €) por hora de atención e vinte mil euros (20.000 €) por beneficiaria.

d) Asistencia a feiras, mostras e congresos ata un máximo de tres mil euros (3.000 €) por beneficiaria.

Artigo 4. *Presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o último do mes.

De acordo co establecido no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades delas dependentes, e unha vez aprobada pola Orde do 15 de setembro de 2011 a posta en funcionamento da sede electrónica da Xunta de Galicia, os interesados poderán presentar electronicamente as solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo electrónico: <https://sede.xunta.es>. A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. A achega de tales copias implica a autorización á Administración para que acceda e trate a información persoal contida nos correspondentes documentos. As mencionadas imaxes electrónicas carecerán de carácter de copia auténtica.



Neste caso, os solicitantes deberán anexar, ademais, unha declaración responsable de que os documentos escaneados son orixinais e auténticos, sen prexuízo de que se lles poida requirir a exhibición do documento orixinal en calquera momento da tramitación do procedemento, segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Así mesmo, os interesados poderán tamén presentar as solicitudes de forma presencial por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A modo de apoio, os formularios de solicitude poderán ser obtidos, cubertos e validados pola entidade solicitante a través da aplicación informática á cal se accederá pola páxina web da Consellería de Traballo e Benestar (<http://traballoebenestar.xunta.es>). Para os efectos de facilitar que estes formularios se cubran correctamente, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes. Así mesmo, a propia aplicación informática disporá tamén de instrucións de axuda, de xeito que poidan ir visualizándose a medida que se vaian cubrindo os formularios. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidades de máis información durante o proceso de obtención dos formularios, os solicitantes poderán dirixirse á Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada ou cotexada da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal da entidade solicitante.

b) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos, segundo modelo que figura como anexo III desta orde.

c) Memoria aprobada polo órgano competente e asinada polo representante legal, segundo modelo que figura como anexo II desta orde.



d) Orzamento detallado dos gastos normais de funcionamento para os que se solicita a subvención, cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes.

e) Proposta das actividades de promoción do cooperativismo e a economía social para as que se solicita a subvención, especificando a súa finalidade, as persoas destinatarias e os medios previstos para a súa realización, así como informe relativo á capacidade profesional das persoas intervenientes e un orzamento detallado, cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes, que concrete a achega que realizará a entidade solicitante no seu financiamento.

f) No caso de asociacións de sociedades laborais, certificación acreditativa das inscricións practicadas no rexistro público onde figure inscrita e fotocopia compulsada dos estatutos sociais e as súas modificacións, se é o caso, así como relación de entidades socias debidamente certificada.

Artigo 5. *Período de execución das accións*

O período de execución das accións elixibles para ser subvencionadas será o comprendido entre o 1 de novembro do ano 2012 e o 31 de outubro do ano 2013.

Artigo 6. *Resolución e recursos*

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes previstas nesta orde corresponderalle á persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar.

2. Logo da fiscalización da proposta polo órgano interventor da consellería, o órgano concedente ditará a correspondente resolución, que se lles notificará ás entidades interesadas.

3. O prazo para resolver e notificar será de tres meses. En todo caso, o antedito prazo non comezará a computarse ata que transcorra o prazo previsto para a presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



4. As resolucións que se ditan neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. De acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega; no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar publicará no DOG e na súa páxina web oficial as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, con expresión do beneficiario, a contía e a súa finalidade.

6. De conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a Consellería de Traballo e Benestar incluírá e fará públicos no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás subvencións recibidas ao abeiro desta orde, así como as sancións impostas (os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o Cixtec como órgano responsable dos ficheiros, rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela).

No suposto de que a axuda estea cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informarase o beneficiario/a de que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos/as beneficiarios/as, das operacións e a cantidade de fondos públicos asignados a cada operación, que se publicará conforme o previsto na artigo 7.2º.d) do Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro.

7. A presentación das solicitudes polas entidades interesadas autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, se é o caso, nos rexistros regulados no referido Decreto 132/2006.



Segundo o disposto no artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os beneficiarios deberán dar axeitada publicidade de carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención.

Artigo 7. *Xustificación das accións subvencionadas*

As entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o investimento conforme o establecido na resolución de concesión, nos termos previstos no artigo 11 da Orde do 25 de febreiro de 2011 (DOG nº 46, do 8 de marzo) e solicitar os correspondentes pagamentos, mediante solicitude conforme o modelo do anexo IV.

A data máxima de xustificación das accións subvencionadas será o 10 de novembro de 2013.

Artigo 8. *Financiamento*

1. O financiamento das axudas previstas na presente orde de convocatoria farase con cargo ao crédito do programa 11.02.324A 481.1 (550.000 euros), de acordo coa Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

2. Para os gastos normais de funcionamento e de promoción do cooperativismo e a economía social destinaranse trescentos mil euros (300.000 €) de fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Para atender a modalidade de actividades en rede reservárase a cantidade de douscentos cincuenta mil euros (250.000 €) correspondentes a fondos cofinanciados polo Fondo Social Europeo (ao 80 %) e fondos propios que cofinancian (ao 20 %).

Disposición adicional primeira

A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir, en todo momento, a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde.



Disposición adicional segunda

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos ou a súa revogación, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas.

Disposición adicional terceira

Dado os cambios producidos na estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar establecidos no Decreto 42/2013, do 21 de febreiro (DOG nº 46, do 6 de marzo) enténdese que o órgano instructor a que fan referencia os artigos 7 e 8 da Orde do 25 de febreiro de 2011 (DOG nº 46, do 8 de marzo) é o director xeral de Traballo e Economía Social.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social para ditare, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2013

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA O FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DAS ASOCIACIÓNS DE COOPERATIVAS E DE SOCIEDADES LABORAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR802H	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

EXPEDIENTE

DATOS DO/DA SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

ENDEREZO LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO

TELÉFONO FAX ENDEZEZO ELECTRÓNICO

REXISTRO ONDE FIGURA INSCRITA A ENTIDADE DATA INSCRICIÓN Nº REXISTRO

E, na súa representación,

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TELÉFONO CARGO NA ENTIDADE ENDEZEZO ELECTRÓNICO

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non necesario se coincide co anterior)

ENDEREZO LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO

TELÉFONO FAX ENDEZEZO ELECTRÓNICO

ACTIVIDADES PROPOSTAS	Tipo (*)					Uds (**)	Orzamento	% Axuda	Axuda
	I	II	III	IV	V				
1. Gastos normais de funcionamento (total)									
2. Actividades de promoción do cooperativismo (total)									
2.1. <input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
2.2. <input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
2.3. <input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
3. Actividades en rede (total)									
3.1. <input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
3.2. <input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
3.3. <input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				

(*) Indique con X o tipo de actividade que proceda
(**) Indique o número de unidades, se procede

Tipo I: divulgativas ou formativas de 10 horas ou menos
Tipo III: asesoramento a emprendedores e público en xeral
Tipo V: outras actividades elixibles

Tipo II: divulgativas ou formativas de máis de 10 horas
Tipo IV: asistencia a feiras, mostras e congresos

CRITERIOS DE VALORACIÓN	Si *	Uds	Ptos **
Aplicables a gastos normais de funcionamento			
Polo número de asociados/as.	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Por cada local de atención ás entidades asociadas en funcionamento, con horario mínimo de apertura de 35 horas semanais. Se o horario resulta inferior reducirase proporcionalmente a puntuación.	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Pola participación no Consello Galego de Cooperativas.	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Por cada traballador ou traballadora a tempo completo; en caso de traballo a tempo parcial, reducirase proporcionalmente a puntuación.	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Pola existencia de páxina web operativa e actualizada.	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Pola integración da asociación nunha entidade de intercooperación.	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(*) Marcar con X aqueles criterios que se consideren aplicables as actividades propostas e o número de unidades, se procede.
(**) Para cubrir pola Administración.

CVE-DOG: 6x7463j8-spko-trf0-d559-yvjhtjvc4c8



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

ANEXO I
(continuación)

Aplicables a actividades de promoción e rede	Si *	Uds	Ptos **
Pola adecuación aos obxectivos e liñas de actuación do Plan estratéxico para cooperativismo.	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Por propostas formativas ou divulgativas dirixidas a fomentar a incorporación das mulleres aos órganos sociais das cooperativas e sociedades laborais e postos directivos en xeral.	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Por propostas innovadoras ou que pola súa singularidade acheguen novos enfoques e perspectivas ao cooperativismo e á economía social ou á súa promoción.	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Pola solvencia da entidade solicitante para levar a cabo a actividade, acreditada mediante memoria específica, e cumprimento dos compromisos derivados das actividades subvencionadas anteriormente, de ser o caso.	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Pola adecuación dos medios previstos e viabilidade do proxecto presentado.	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Polo emprego da lingua galega en realización das actividades para as que solicita a axuda.	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(*) Marcar cun X aqueles criterios que se consideren aplicables ás actividades propostas e o número de unidades, se procede.
(**) Para cubrir pola Administración.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- Fotocopia compulsada da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos, segundo o modelo que figura como anexo III desta orde.
- Memoria, asinada polo órgano competente, segundo o modelo que figura como anexo II desta orde.
- Orzamento detallado dos gastos normais de funcionamento para os que se solicita a subvención, cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes.
- Proposta das actividades de promoción do cooperativismo e da economía social para as que se solicita a subvención, especificando a súa finalidade, as persoas destinatarias e os medios previstos para a súa realización, así como informe relativo á capacidade profesional das persoas intervinientes e un orzamento detallado, cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes, que concrete a achega que realizará a entidade solicitante no seu financiamento.
- No caso de asociacións de sociedades laborais, certificación acreditativa das inscricións practicadas no rexistro público onde figure inscrita e fotocopia compulsada dos estatutos sociais e as súas modificacións, se é o caso, así como relación de entidades sociais debidamente certificadas.

DECLARA QUE:

- a) Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- b) Non se incorre nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- c) Comunicaranlle ao órgano que conceda a axuda calquera modificación das condicións tidas en conta no momento da concesión, así como dos compromisos e obrigas asumidas polo/a beneficiario/a e, se é o caso, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.
- d) Sométese ás actuacións de control, comprobación ou inspección que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, ás de control financeiro que lle correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.

SOLICITA:

Nos termos descritos na documentación que se xunta, a subvención indicada na parte superior.

DATOS DA CONTA BANCARIA

NOME DA ENTIDADE

CÓDIGO CONTA CORRENTE

Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas (os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exercéranse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros, rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal).

Autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, con expresión do beneficiario, a contía e a súa finalidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

Autorizo a Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. SI NON (neste caso, cómpre presentar a documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE


Orde do 25 de febreiro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento e a consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais.

Orde do 30 de decembro de 2011 pola que se modifican as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais.

Orde do 3 de abril de 2013 pola que se procede á convocatoria de axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais para o ano 2013.

SINATURA DO REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE investe no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

Dirección Xeral de Traballo e Economía Social



ANEXO II
 MODELO DE MEMORIA

ENTIDADE SOLICITANTE

RELACIÓN NOMINAL DE ASOCIADOS/AS		
ENTIDADE	Nº TOTAL DE SOCIOS/AS QUE AGRUPAN ⁽¹⁾	VOLUME OPERACIÓNS
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

⁽¹⁾ No caso de que sexa unha cooperativa de segundo grao, debe especificarse o número de socios/as que agrupan as de primeiro grado integradas nela.

CENTROS DE TRABALLO		
ENDEREZO		
<input type="text"/>		
PROVINCIA	CONCELLO	Nº DE TRABALLADORES
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

RELACIÓN HABITUAL CON ENTIDADES OU ORGANISMOS	
NOME	
<input type="text"/>	
COLABORADOR HABITUALMENTE	PARTICIPA E/OU ESTÁ INTEGRADA
<input type="text"/>	<input type="text"/>

SERVIZOS QUE PRESTA AOS/ÁS ASOCIADOS/AS	<input type="text"/>
BREVE DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2012	<input type="text"/>
SUBVENCIÓNS RECIBIDAS DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS OU ENTES PÚBLICOS DURANTE O ANO 2012	<input type="text"/>
ACTIVIDADES PREVISTAS PARA O ANO 2013	<input type="text"/>
SITUACIÓN FINANCEIRA (BALANCE EN 31-12-2012)	<input type="text"/>
ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS PARA O ANO 2013	<input type="text"/>
GASTOS PARA OS QUE SE SOLICITA A AXUDA	
GASTOS NORMAIS DE FUNCIONAMENTO:	
- ALUGUERES E GASTOS DE MANTENIMENTO DE LOCAIS E EQUIPAMENTOS	<input type="text"/>
- GASTOS DE PERSOAL	<input type="text"/>
- GASTOS DE COMUNICACIÓNS, MATERIAL DE OFICINA E PUBLICACIÓNS DIVERSAS	<input type="text"/>
- MANTENIMENTO DA PÁXINA WEB	<input type="text"/>
- COTAS ASOCIATIVAS A ENTIDADES DE INTERCOOPERACIÓN DE ÁMBITO SUPERIOR Á COMUNIDADE AUTÓNOMA	<input type="text"/>
- GASTOS DE REPRESENTACIÓN E PARTICIPACIÓN EN CONGRESOS, SEMINARIOS, XORNADAS E SIMILARES	<input type="text"/>
- REALIZACIÓN DE ASEMBLEAS E REUNIÓNS	<input type="text"/>
- SERVIZOS PROFESIONAIS	<input type="text"/>

OBSERVACIÓNS
<input type="text"/>

O/A abaixo asinante, no seu propio nome e no da entidade representada, faise plenamente responsable da veracidade dos datos consignados nesta memoria.

SINATURA DO REPRESENTANTE
Lugar e data
<input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>



ANEXO III

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

EXPEDIENTE

Don/Dona , con NIF nº
en nome e representación da entidade
con NIF nº , en calidade de

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE,

E relaciona a continuación as axudas e subvencións solicitadas e/ou obtidas para a mesma finalidade ou proxecto das distintas administracións públicas:

AXUDAS CONCEDIDAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data da presente declaración.

E, para que así conste ante o órgano competente, asina a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE

Lugar e data

, de de 

ANEXO IV
SOLICITUDE DE PAGAMENTO

ACTIVIDADES	Axuda concedida		Orzamento executado			Xustificante Nº orde (*)
	Orzamento	Axuda	Uds.	Orzamento	Axuda	
1. Gastos normais de funcionamento						
2. Actividades de promoción do cooperativismo (total)						
2.1.						
2.2.						
2.3.						
3. Actividades en rede (total)						
3.1.						
3.2.						
3.3.						

RELACIÓN DE DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS			
Nº orde (*)	Denominación	Número	Importe
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE DE PAGAMENTO

- Certificación detallada expedida polo secretario da asociación, co visto e prace do seu presidente, dos gastos realizados.
- Relación detallada das facturas/documentación dos gastos.
- Facturas e outros documentos xustificativos cos documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.
- No caso de actividades formativas, relación de asistentes co número do DNI asinada por todos eles.
- Memoria resumo da execución do programa subvencionado (en papel e formato dixital).
- Copia de todos os documentos xerados (en papel e formato dixital).
- Documentación acreditativa da repercusión pública das accións executadas (cando proceda).
- Declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas para a mesma actividade.

SINATURA DO REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

CVE-DOG: 6x7463j8-spko-trf0-d5559-yvjhtjvc4c8

